



UNIVERSIDADE
DE VIGO
LISTA DE ASISTENTES

D. Luis Alonso Bacigalupe
D. Antón Álvarez González
D. Ramón Araujo Casado
D. Xosé Carlos Arias Moreira
D^a. Fátima Árias Nóvoa
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Ramón Barreiro García
D. Gustavo Bergantiño Cid
D^a. Silvia Bermúdez Pérez
D. Juan Blanco Gutiérrez
D^a M^a Isabel Bouza Álvarez
D. Jorge Bravo Bernárdez
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Lino Pedro Canedo de la Torre
D. Alfonso Caride Losada
D. Benjamín Pablo Casanova López
D. Javier Castro Martínez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D^a Cristina Comesaña Cabaleiro
D^a Patricia Corbacho Suso
D. Xosé Henrique Costas González
D. Tony Crespo Franco
D. Jesús De Andrés Iglesias
D. Guillermo De Oca Cancela
D. Javier de Vicente Remesal
D. Jaime Díaz de Bustamante
D. Domingo Docampo Amoedo
D. José Durany Castrillo
D. Miguel Ángel Esparza Torres
D^a. Margarita Estévez Toranzo
D. Antón Fernández Álvarez
D. Manuel Fernández Cruz
D. Manuel Fernández Gesto
D^a. M^a. Begoña Fernández Silvoso
D. Ramón Ángel Fernández Sobrino

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día dezanove de decembro de dous mil un, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Paraninfo da Universidade de Vigo.

O mércores, **día 19 de decembro de 2001**, ás 11:00 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar o seguinte punto da Orde do día:

Debate e posición sobre a versión final da LOU enviada polo Senado ó Congreso dos Diputados e adopción de acordos.

Abre a sesión o Rector, recordando que no mes de xullo, o Claustro solicitou a paralización da tramitación da Lei de Universidades e a apertura dun debate co fin de acadar o consenso necesario. Unha vez constatado que as emendas aprobadas no Congreso e no Senado non responden en absoluto ás expectativas da comunidade universitaria, foi convocada esta sesión extraordinaria do Claustro para fixar a posición da Universidade sobre a versión final da Lei.

A continuación interveñen varios membros do Claustro.

O Sr. Ínsua opina que o Claustro debe pedir a demisión da Ministra de Educación.

O profesor Mazaira manifesta o seu rexeitamento tanto ó articulado do proxecto de lei como o seu proceso de tramitación. A súa intervención queda recollida no anexo I.

D. Ángeles Filgueira Pérez
D. José Antonio Fraiz Brea
D. Xosé Friol Piñeiroa

D. Juan Francisco Gálvez Gálvez
D^a. Secundina García Conde
D. Antón García Fernández

D^a. Rebeca García Francisco
 D. Rubén Garrido Bernárdez
 D. José M^a. Gil Villanueva
 D. Eduardo Godoy Malvar
 D. José Luis González Cespón
 D^a. Laura González Novoa
 D. Jesús Hernández Sánchez
 D. Alezandre Ínsua Moreira
 D. José Luis Legido Soto
 D. Álvaro Xosé López Mira
 D^a. Patricia Silvia Mascuñán Tolón
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesia
 D. Gonzalo Méndez Martínez
 D. Ana Belén Méndez Fernández
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Carlos Mollinedo Lois
 D^a. Ascensión Muñoz del Barrio
 D. Miguel Ángel Nombela Castaño
 D^a. M^a Consuelo Pazo Martínez
 D. Cándido Pérez Betanzos
 D. Javier Pérez Guerra
 D. Luis Pérez Gómez
 D. Albino Prada Blanco
 D. Manuel J. Reigosa Roger
 D. Filemón Rivas Conde
 D^a. Margarita Rodríguez Holguín
 D^a. M^a del Pilar Rodríguez Seoane

O profesor Prada di que na versión da Lei aprobada no Senado hai novos elementos que apoian a proposta de rexeitamento da mesma e de solicitude de demisión da Ministra. Cita artigos concretos como o 33 e o 72 (entre outros) para constatar modificacións na última redacción da Lei que empeoran o seu contido e para por de manifesto que o ensino público vai quedar subordinado ó privado. A súa intervención queda recollida no anexo II.

O profesor Reigosa di que a Universidade está sufrindo unha campaña mediática pero non hai que esquecer que a tramitación da Lei é lexítima dende o punto de vista parlamentario. Hai que contrarresar esa visión negativa que se trata de dar da universidade pública. Di que a Ministra está a desenvolver unha política dun goberno na liña de facer menos competitiva a universidade pública. Mais que pedir a súa demisión habería que facerlle chegar unha carta aberta, con difusión nacional, na que se expoñan cifras e datos reais do avance da universidade española. A LRU supuxo un cambio substancial cualitativo e cuantitativo. Finaliza dicindo que sería conveniente que o que se acorde sexa por amplo consenso e/ou por unanimidade.

O profesor Alonso Bacigalupe di que as mobilizacións non conseguiron cambiar a proposta de lei, pero que, en todo caso, o movemento valeu a pena xa que a cidadanía está agora mais informada. Opina que deberían buscarse formas de articular conxuntamente (entre as universidades) o desenvolvemento e a aplicación da lei. O Claustro debería aprobar unha declaración forte que chegue ó Ministerio.

O profesor Arias Moreira cualifica de intolerable o comportamento da Ministra coa universidade española. Propón que se

D. José Luis Sáez Ocejo
 D. Rafael Sanz Domínguez
 D. Iago Soto Mata
 D^a. Mercedes Suárez Pazos
 D^a. Dolores Troncoso Durán
 D. Antonio Vaamonde Liste
 D. Fernando Antonio Vázquez Nuñez
 D. José Ángel Veiro García
 D. Manuel Velasco Graña
 D^a. M^a. de las Mercedes Vila Alonso
 D. Federico Vilas Martín

por unanimidade.

A Sra. Bermúdez comeza a súa intervención condenando a actuación policial en Santiago durante os días 14 e 15 de decembro e pide a demisión do Delegado do Goberno.

Sobre a Lei, considera a posibilidade de "desobediencia" por considerala contraria ó obxectivo básico da universidade pública. Propón que se cre unha comisión que analice a posibilidade de "insubmisión á lei" ou, cando menos, de analizar a forma de paliar os seus efectos.

A Sra. Corbacho apoia a intervención anterior e condena a actuación do Rector da Universidade de Santiago no referente os feitos dos pasados días 14 e 15.

O profesor Durany recorda que a universidade española prosperou claramente nos últimos anos a pesar dos ministros de educación da última época. Non considera conveniente a posibilidade de declararse en rebeldía e insubmisión xa que poderían verse en perigo subvencións existentes e a universidade podería quedar fóra de xogo en temas como solicitude de novas titulacións, etc. Hai que analizar os efectos negativos da Lei e opina que a pesar da Lei e da Ministra, a universidade pública seguirá prosperando.

A continuación intervén o Rector facendo un resumo das propostas: petición de demisión da Ministra, petición de retirada da Lei e constitución dunha comisión ou grupo de traballo que faga o seguimento do debate post-LOU e articule accións conxuntas con outras universidades.

pida a súa demisión así como a retirada da Lei e considera fundamental que o acordo se tome

En relación con algunha intervención anterior sobre os feitos acaecidos en Santiago, di que hai que ser xustos co Rector da Universidade de Santiago quen en todo momento mantivo unha actitude coherente e solidaria na súa oposición á LOU, como quedou patente no discurso de apertura de curso.

Ábrese un segundo turno de intervencións.

O profesor Mazaira di que a condena ás actuacións das forzas de orde público en Santiago podería traducirse nunha moción de reprobación aprobada polo Claustro.

O profesor Membiela considera que o Claustro debería apoiar as propostas de inconstitucionalidade de que se poidan facer.

O profesor Prada di que nos vindeiros meses teremos que entrar na elaboración duns Estatutos imaxinativos para paliar os efectos de aplicación da LOU. Considera que hai que evitar calquera tipo de localismos e que as universidades galegas deben actuar nunha plataforma conxunta e defender unha postura común diante da Xunta de Galicia.

Opina que a Xunta de Goberno debería delegar nunha Comisión do Claustro para elaborar e analizar propostas.

O profesor Reigosa súmase ás propostas dos profesores Mazaira, Membiela e Prada.

Finalizadas as intervencións, apróbase por asentimento solicitar a retirada da LOU, pedir a demisión da Ministra, elixir unha comisión do Claustro que traballe nos aspectos relativos á aplicación da LOU e apoiar ós recursos de inconstitucionalidade que poidan presentarse. Así mesmo, o Claustro aproba por asentimento unha moción de reprobación á actuación das forzas de orde público o día 15 de decembro en Santiago.

A comisión encargada de facer o seguimento da LOU, presidida polo Rector, queda constituída como segue:

PDI: Luis Alonso Bacigalupe, José Luis Legido Soto, Andrés Mazaira Castro, Pedro Membiela Iglesia, Albino Prada Blanco e Manuel J. Reigosa Roger.

ESTUDIANTES: Juan Blanco Gutiérrez, Silvia Bermúdez Pérez, Manuel Fernández Gesto
Suplentes: Benxamín Casanova López, Rebeca García Francisco, Rubén Garrido Bernárdez

PAS: Manuel Velasco Graña

O Claustro delega nesta Comisión a redacción dun texto que recolla os acordos deste órgano. O texto aprobado é o seguinte:

Levántase a sesión ás 13:00 horas do día 19 de decembro de 2001, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e pr. do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo